



## SARELA, XA CONTA CON SERVIZO DE COMEDOR

Dende decembro de 2009 Sarela firmou o contrato de 12 prazas de Centro de Día con Benestar da Xunta de Galicia. Isto supuxo unha mellora no servizo, xa que a xornada amplíase á tarde, sendo o horario de 10:00 a 17:30 horas. Ademáis o centro conta co servizo de comedor, contratado a través dunha empresa de catering.

Sobre as dúas menos cuarto do medio día, comézase a preparar o comedor para a hora do xantar, todos colaboran; cada un ten asignada unha tarefa, e entre todos montan o comedor: colocan as mesas, límpnanas, colocan os cubertos... é dicir, todo o necesario para que cando chegue a comida se senten a degustala.

O comedor está coordinado por dúas profesionais da asociación as cales son as responsables de servir os menús, supervisar, da hixiene persoal, da toma da medicación...

Unha vez rematada a comida e con todo o comedor recollido teñen un tempo de descanso ata as 16:00; ese tempo adícanlo a ver a televisión, xogar as cartas, tomar café, ou descansar.



# TODOS COLABORAMOS!!!

Aproveitando a implantación do comedor no centro, conseguimos fomentar a mellora nas actividades básicas da vida diaria para que a persoa adquira unha maior confianza nas súas posibilidades, creando á súa vez un sentimento de utilidade, explorando as súas propias capacidades e posibilidades; sempre tendo en conta o traballo en equipo que supón dita actividade.



## CREACIÓN DO GRUPO DE FAMILIAS

A asociación Sarela foi creada por un grupo de familiares de persoas con Dano Cerebral Adquirido. Dende os seus inicios a finalidade da entidade é a de apoiar e cubrir as necesidades tanto das persoas con DCA como das súas familias. Sen embargo a urxencia das situacións en resolver canto a creación de servizos e a atención ás persoas directamente afectadas, reduciu a atención aos familiares.

A comezos de ano puxemos en marcha a creación dun grupo de familias, para o cal foron invitados a participar todos os familiares das persoas afectadas da nosa asociación.

A actividade realízase o último vernos de cada mes en horario de 18:00 a 20:00, ten a finalidade de conseguir que os familiares compartan experiencias e se coñezan nun

espacio de intercambio aberto ao diálogo, ademáis de ter a oportunidade de resolver dúbidas sobre temas relacionados co dano cerebral, que diferentes profesionais aclararán.

O pasado 26 de marzo, acudiu Vanesa Mariño, traballadora social de ADACE (Asociación de Dano Cerebral de Lugo), o tema tratado estivo relacionado cos recursos aos cales poden acceder as persoas afectadas por dano cerebral. Resultou un tema de moito interés para os asistentes.

A próxima sesión realizarase o 30 de abril tendo como poñente convidado a Miguel Anxo García Alvarez, psicólogo clínico do Complexo Hospitalario Unversitario de Santiago.

# O COORDINADOR DO 065 VISITA SARELA

O día 1 de marzo visitou o noso centro Manuel Ferreño, coordinador do transporte adaptado do 065, a visita foi dirixida os familiares, na cal se resolveron dúbidas e se confirmou o inicio da actividade o mércores día 3.

Dende dita data, novos usuarios disfrutan do transporte adaptado, na recollida no seu domicilio pola mañá, e traslado dende o centro pola tarde. Con motivo desta implantación, gardamos un espazo deste boletín para dar a coñecer a sociedade compostelá o servizo de transporte adaptado do 065.

*Condutores, auxiliares e usuarios comparten diariamente as rutas que o 065 ten por todo o concello de Santiago de Compostela.*



## RECOÑECIMENTO POLA SÚA LABOR DE VOLUNTARIA

María Parada comezou en Sarela en maio do ano 2004, por aquel enton comezaba a súa tese na facultade de psicoloxía, e foi o interese pola neuropsicoloxía o que fixo que se puxese en contacto con Sarela. Comezou como voluntaria realizando tarefas de apoio e acompañamento nas actividades programadas en sarela durante catro horas á semá.

Na actualidade coordina un taller dirixido a persoas afectadas que están na lista de espera para entrar no centro de día.

O 15 de febreiro comezou a impartirse o taller, actualmente participan 5 usuarios, aínda que está aberto a todo aquel que esté interesado en participar e se encontre na lista de espera.

Para levar a cabo as actividades conta co apoio doutra voluntaria Ana Gómez. En xeral, os obxetivos principais deste taller céntranse en dous aspectos: adquirir as habilidades sociais necesarias para desenvolverse na súa vida diaria e realizar tarefas que lle permitan estimular funcións cognitivas como a memoria ou a atención.

Para elo, lévanse a cabo actividades de educación vial (centradas principalmente en adquirir un coñecemento adecuado sobre o que significan as diferentes sinais.), de comunicación de outras persoas (como saber preguntar a un descoñecido onde queda unha rúa) ou de búsqueda de información en distintos soportes (periódicos, páxinas amarelas...) e actividades de comunicación non verbal

## NOVAS DE INTERESE

A empresa de envío de paquetería MRW conta cun servizo de un envío gratis ao mes presentando o certificado de minusvalía, as características de envío son:

- Para envíos na Península ata 5kg sin sobrepasar o metro de alto, ancho e largo.
- Para envíos ás Illas ata 2kg sin sobrepasar o metro de largo, alto, ancho.
- As aduanas correrían a cargo do cliente.

## PREMIOS SANTIAGO 7

Por terceiro ano consecutivo, celebráronse os PREMIOS SANTIAGO SIETE, o mellor do 2009 en Santiago de Compostela, resultando seleccionada na categoría de Asociación/ONG do Ano 2009 a nosa entidade.

Dende Sarela agradecemos o apoio aportado por toda a cidadanía compostelá, que gracias as súas votacións conseguimos este recoñecemento.

## PARTICIPACIÓN

A partires da seguinte edición gardaremos un apartado para todos aqueles familiares, colaboradores, políticos, etc que desexen participar na elaboración deste boletín, a través dunha poesía, redacción, relato,...

## OS NOSOS COLABORADORES



Agradecemosles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.